

AUTOAVALIACIÓN:

1. Marca as respostas correctas sobre Saturno.

É un dos planetas exteriores do sistema solar.
É famoso polos seus aneis.

2. Cal é a capa máis externa do Sol?

A coroa solar.

3. Que nome reciben os corpos celestes de tamaño menor que un planeta e que xiran ao redor destes?

Satélites.

4. O Big bang é...

... o nome que se lle dá á explosión que creou o universo.

5. Cal das afirmacións sobre os meteoros é correcta?

O seu nome común é estrela fugaz.
Son meteoroides que impactan coa atmosfera deixando un rastro luminoso.

6. Marca as respostas correctas sobre a teoría heliocéntrica.

Foi defendida por Galileo Galilei.
Sostén que os planetas xiran ao redor do Sol.

7. Os planetas rochosos do sistema solar formáronse...

... pola unión das partículas que rodeaban o Sol.
... polo proceso chamado acreción.

8. Como se chama o astronauta que pisou por primeira vez a Lúa?

Chámase Neil Armstrong.

9. Marca as respostas correctas sobre Marte.

É un planeta rochoso.

Recibe o sobrenome de Planeta Vermello.

10. Cal destas secuencias das etapas das estrelas é correcta?

Superxigante vermella, supernova, estrela de neutróns.

Xigante vermella, anana branca, anana negra.